



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE ALLARIZ

Promotor: Concello de Allariz
Órgano substantivo: Concello de Allariz
Expediente: 2023AAE2787

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O 9.5.1995 aprobouse definitivamente o Plan especial do casco histórico de Allariz (PECHA-95), cuxo ámbito abrangue a zona delimitada como Conxunto Histórico Artístico nas Normas subsidiarias municipais de planeamento vixentes naquel tempo.
- 2 O 9.4.2003 aprobouse definitivamente o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Allariz, o cal remite a ordenación pormenorizada do casco histórico¹ ao PECHA aprobado no ano 1995.
- 3 O 14.4.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Allariz no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de protección do casco histórico de Allariz" (en diante Plan ou PEPCH). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.
- 4 O 17.4.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento (RLSG) integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.

¹ Agás na zona anexa ao cemiterio e na Finca Peña, onde o PXOM determina a nova cualificación do solo.





- 3 Conforme o artigo 75.3 da LSG, o órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o planeamento ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan

Ámbito de actuación: conxunto histórico da vila de Allariz, no que se poden diferenciar tres zonas: o recinto intramuros; espazos de grande significación arredor dese recinto intramuros (Campo da Barreira, o río e o espazo agrario ao norte do Castelo); e zona exterior ao casco histórico (noas zonas urbanas, núcleos rurais tradicionais e outros espazos rurais).

O ámbito está delimitado ao norte polo río Arnoia, a ponte de Vilanova e o camiño de Arnado, ao sur pola rúa Emilia Pardo Bazán e a rúa Alfredo Nan, ao leste polo Convento de Santa Clara, a estrada de Xunqueira e as rúas das Aceñas e do Couto, e finalmente ao oeste polo paseo da Alameda, a rúa da Granxa e a ponte de madeira sobre o río Arnoia.

Superficie do ámbito: 293.837,05 m²



Obxecto: revisar e actualizar o vixente PECHA-95 para tratar de mellorar a compatibilización entre o deber de conservación do patrimonio cos desenvolvementos urbanos, recuperar o patrimonio edificado, poñer en valor os espazos públicos e restaurar espazos procurando maior integración paisaxística.





Alternativas: o documento ambiental estratéxico contempla dúas alternativas, ademais da alternativa cero de non revisar o PECHA-95, que se diferencian fundamentalmente na área de actuación delimitada. Mentres que a alternativa 1 establece como ámbito o previsto no actual PECHA, a alternativa 2 o amplía incorporando zonas da periferia (como a Pasarela Noria, a Caseta do Camiñeiro e a totalidade da rúa Aceñas ata a súa chegada a Acea Rica) argumentado que esta delimitación procura mellorar a transición entre a trama histórica e as zonas de borde.

Na análise comparativa das alternativas conclúese a alternativa 2 de ordenación é a máis coherente cos obxectivos pretendidos polo PEPCH.

Resumo da proposta: As principais propostas de intervención expostas no borrador do Plan pódense agrupar nas seguintes temáticas:

- Usos. Acomodar a normativa do vixente PECHA-95 aos novos tempos e necesidades.
- Mellora da contorna. Recuperar espazos urbanos degradados e poñer en valor zonas verdes (Monte do Castelo, Campo da feira, espazos agrarios).
- Dotacións. Ampliar a oferta pública de equipamentos (dotacional múltiple no Campo dos Brancos e Museo do Río Arnoia en Acearica) e espazos libres (xardín en Socastelo).
- Mobilidade. Realizar cambios na ordenación viaria interior así como nalgúns puntos de acceso ao casco histórico e adoptar medidas para fomentar a mobilidade alternativa (peonalizacións, pavimentacións, creación de carrís ciclistas,...).
- Redes de infraestruturas e servizos urbanos. Reforzar as redes de abastecemento e saneamento no Conxunto Histórico (especialmente no entorno da Barreira e do Convento de Santa Clara) e apostar pola supresión do cableado aéreo (cando o soterramento non sexa viable por razóns técnicas ou de salvagarda do patrimonio existente, establecerase a obriga de ocultalo na fachada).
- Outras actuacións. Melloras do arboredo e pavimentado en varias zonas; rehabilitación integral enerxética de equipamentos municipais.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do PEPCH aséntase no val do río Arnoia, cuxo curso circunda polo norte e oeste a vila de Allariz. As zonas máis próximas ao curso do río así como a zona do Convento de Santa Clara ao sueste son zonas chairas ou de escasa pendente, mentres que o punto máis elevado do casco histórico sitúase no Monte do Castelo ao norte (493 m) conformando un miradoiro natural sobre a vila.

O ámbito está conformado por tres zonas diferenciadas: unha central que comprende o recinto intramuros; ao seu redor grandes espazos abertos como o Campo da Barreira, o río e os terreos agrarios ao norte do Monte do Castelo; e unha parte exterior ao casco histórico conformado por núcleos e espazos rurais que se mesturan con novas zonas urbanas.





O sistema fluvial do Arnoia, ademais de constituír un elemento configurador da orografía da zona, presenta valores naturais e paisaxísticos asociados fundamentalmente á vexetación de ribeira, ás pontes e ás construcións singulares emprazadas nas súas marxes.

O conxunto histórico-artístico de Allariz foi declarado ben de interese cultural (BIC) na categoría de conxunto histórico mediante Decreto 1319/1971, de 20 de maio. Tamén foi declarada BIC a Igrexa de Santiago na categoría de monumento. A vía de Prata do Camiño de Santiago atravesa o conxunto histórico de Allariz. Ademais, no ámbito existen numerosos bens patrimoniais catalogados ou de interese, entre outros: a Praza Maior, a igrexa de San Estevo, o convento Santa Clara e o campo da Barreira, o santuario de San Bieito, a igrexa de San Pedro, a praza Juan Bosco e as súas entradas, a rúa Xardín (antiga muralla medieval), as casas e balcón de Amoeiro, a ponte e igrexa Santa María de Vilanova, a Acea Rica, ou o Paseo de Arnado e Alameda.

O tramo do río Arnoia ao seu paso pola vila de Allariz está identificado como área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI). Segundo a cartografía oficial dispoñible², a zona de fluxo preferente (ZFP) e a zona inundable para avenidas cun período de retorno de 500 anos (probabilidade baixa) afectan parcialmente ao ámbito do PEPCH. As zonas afectadas polo risco de inundación do río están ocupadas maiormente por zonas verdes, espazos libres ou espazos destinados a usos agrarios, existindo tamén algunhas edificacións (a maioría equipamentos públicos)³.

No ámbito existen redes de abastecemento e saneamento municipal que, segundo se manifesta no borrador, proporcionan un adecuado servizo á poboación. No entanto, tamén se sinala que as redes non chegan a cubrir todas as rúas do casco histórico e o estado de conservación dalgúns dos seus tramos presentan deficiencias.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	x	
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do PEPCH mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse comentarios dun grupo político municipal e dun particular.

2 Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (www.miteco.gob.es/es/agua/temas/gestion-de-los-riesgos-de-inundacion/snczi/)

3 Os Museos do coiro "Familia Nogueiras" e do río Arnoia, o centro cívico "A Fábrica", o dotacional múltiple en Aceñas, os asociados ao Parque etnográfico do río Arnoia (Muíños do Burato e do Borrelo, o Fiadeiro) e á área recreativa de Vilanova (piscinas municipais, antiga fábrica de curtidos), o parque do Portovello, o Xardín en Acearrica ou o cemiterio de Santa María de Vilanova.





O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do Plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. Resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS)

Ao respecto da dispoñibilidade de recursos hídricos, lembra que debería incluírse na normativa do plan, con carácter vinculante, que todos os novos desenvolvementos residenciais deben dispoñer dun sistema de abastecemento que conte con autorización de aproveitamento de augas do organismo de bacía para obter a correspondente licenza de obras.

Lembra que está prohibido, con carácter xeral, o vertido directo ou indirecto de augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que se dispoña de autorización administrativa.

Sinala que se deberá xustificar a conveniencia de establecer redes de saneamento separativas ou unitarias para augas residuais e de escorrenta pluvial, así como formular medidas que limiten a achega de augas de choiva aos colectores.

Achega unha relación de aspectos recollidos na lexislación sectorial para regulación normativa das zonas de cauce, servidume, policía, inundables e de fluxo preferente, fundamentalmente no referido aos usos permitidos, autorizados ou prohibidos. Sinala as referencias cartográficas oficiais a ter en consideración.

Deberanse extremar as medidas correctoras e preventivas co fin de evitar afectar ás captacións de abastecemento incluídas no rexistro de zonas protexidas. Extremaranse as medidas de prevención sobre os tramos catalogados como zona protexida.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Require aclarar se o plan recollerá algunha operación de reforma en solo urbano non consolidado (art.72 LSG) ou se debe ter a consideración de Plan especial de protección.

Suxire completar os planos de información (parcelario, alzados, usos, estado da edificación e rede viaria, aparcadoiros), de alturas (alturas das partes da edificación e cubertas), de dotacións (espazos libres e zonas verdes, salvo que se desdobren en dous) e de instalacións (telecomunicación, gas e outros existentes).

Require elaborar un plano coa delimitación do PEPRI vixente e a proposta, indicando as superficies que se aumentan ou reducen nas diferentes zonas do perímetro, así como os cambios de clasificación, categorización ou cualificación en cada zona. Tamén insta a elaborar un cadro comparativo que recolla os cambios na clasificación, categorización ou cualificación no perímetro, así como a superficie do PEPRI vixente a manter.

Solicita xustificar nalgunhas parcelas a cualificación como edificación extensiva onde as edificacións propostas semellan adaptarse ás aliñacións consolidadas cunha tipoloxía máis propia de edificación intensiva.

Recomenda recoller nos planos de ordenación (03.02) as alturas permitidas para as diferentes partes da edificación (principal e auxiliares) e, no caso de que dean a rúas con distinto nivel, indicar a altura fronte a cada unha das rúas.





Solicita definir graficamente o trazado previsto para as novas infraestruturas ou completar as existentes, de ser o caso, así como as súas conexións cos sistemas xerais exteriores, advertindo que se ben na memoria xustificativa se recolle a existencia de saneamento no casco histórico, nos planos non aparece grafado.

Instituto de Estudos do Territorio:

Informa de que os efectos sobre a paisaxe do conxunto histórico artístico de Allariz non serán significativos, sendo en todo caso positivos toda vez que, ademais de ter coma obxectivo a rehabilitación das edificacións e dos espazos urbanos singulares do conxunto histórico, ten coma obxectivo principal a recuperación paisaxística do Monte Castelo a través dun instrumento específico de protección.

Sinala que o plan especial incorpora un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008), proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado e, de acordo co artigo 36.1 do Regulamento da Lei 7/2008, incorpora un estudo da paisaxe urbana.

Finalmente considera que os criterios de integración paisaxística incorporados (apartado 11 do documento ambiental estratéxico) resultan adecuados, se ben en todo caso, recomenda ter en conta no deseño das zonas verdes e espazos públicos os criterios que recolle a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Sinala que o territorio histórico do Camiño de Santiago, Vía da Prata, debe delimitarse consonte o artigo 66.3 do PBA e recollerse nos planos de ordenación. Neste sentido fai constar que se ben na serie de planos *Cualificación do solo*, o seu trazado recóllese axeitadamente, na serie de *Niveis de protección* non se grafa pese a recollerse na lenda.

Neste sentido lembra que as fichas do Catálogo que se elabore na fase posterior da tramitación do PEPCH conterán a información esixida pola normativa vixente, incluíndo unha ficha propia para o Camiño de Santiago como ben catalogado coa categoría de territorio histórico.

Sinala que se deberá delimitar correcta e claramente o conxunto histórico como elemento BIC protexido, así como o ámbito do PEPCH como contorno de protección dese ben protexido, non delimitando contornos de protección dos bens protexidos localizados dentro do ámbito do plan especial. Require prestar atención a posibles excepcións no caso de bens que se atopen nos límites da delimitación e que precisen dun contorno de protección que exceda o ámbito. Neses casos si se delimitará un contorno de protección específico, poñendo como exemplo o Convento de Santa Clara.

Finalmente achega unha serie de medidas protectoras e correctoras referidas á delimitación da Vía da Prata, á elaboración do Catálogo ou á delimitación do BIC.

Grupo municipal do Partido Popular:

Considera que as propostas do plan non axudan a conseguir os seus obxectivos, botando en falta outros como: a consolidación da trama edificatoria baseada na tipoloxía de edificación acaroada, a recuperación e regulación do uso residencial no Casco Histórico, a recuperación espacial e patrimonial do Campo da Barreira, a





supresión de barreiras arquitectónicas, a substitución do saneamento actual e o soterrado do cableado aéreo.

Propón medidas para garantir a consolidación da trama edificatoria e preservar a tipoloxía do casco histórico: cualificar como edificación intensiva algunhas parcelas das rúas Alameda, Socastelo e Emilia Pardo Bazán; completar as tramas edificatorias nalgúns parcelas das rúas Alameda, Vilanova, Cárcere, Fonteiriña, Arroio, Pepe Puga, Lobariñas e San Lázaro e na Praza do Eiró. Insta a sinalar para cada parcela as alturas previstas (edificacións principais e adxectivas) e no caso de parcelas con desnivel con fronte a distintas rúas, a altura en cada rúa. Tamén sinala que se deben respectar as alturas do plan especial vixente.

Sinala que se debe incluír no territorio histórico do Camiño de Santiago algunhas parcelas con fronte ao mesmo nas rúas Cárcere, Hospital, Sur e na Praza Maior.

Insta a diferenciar o uso residencial permanente do uso residencial temporal, regulando as incompatibilidades entre ambos usos, primando claramente o uso permanente.

Suxire a levar a cabo un aparcamento público soterrado no gran espazo da Barreira para solucionar os problemas de aparcadoiro e liberar espazo en superficie para uso e desfrute dos cidadáns. Entende que para completar a recuperación espacial do Campo da Barreira será preciso integrar na nova ordenación as vivendas do barrio do Couto e, sobre todo, o Mosteiro de Santa Clara e o Santuario de San Bieito.

Entende necesario facer un estudo pormenorizado das escaleiras existentes no viario público para que todos os espazos públicos teñan cando menos un itinerario peonil accesible adaptado ou practicable. Sinala como actuación máis importante a conexión accesible entre a praza Maior e a praza de Abaixo.

Require mellorar a rede de saneamento no casco histórico, cun trazado e dimensionado acorde cos tempos actuais. Propón elaborar un plan de soterramento do cableado aéreo (eléctrico e telefónico) en todo o casco histórico e un plan de substitución das luminarias.

Suxire que se estableza unha actuación singular conxunta no ámbito da praza Maior e da praza de Abaixo. Non considera precisa a obtención para equipamento público da Reitoral Parroquial así como tampouco o seu resío para espazo libre do sistema xeral, sinalando que hai abundancia de equipamentos públicos e espazos libres, dos sistemas xeral e local.

Entende como necesario preservar a calidade e integración das actuacións de rehabilitación, regulando aspectos como as condicións estéticas das edificacións, cubertas, cornixas, ocos, carpinterías, corpos voados, materiais e cores, o tratamento dos locais comerciais e escaparates, as marquesiñas, os rótulos ou as banderolas.

Particular:

Indica que existe unha contradición entre a ficha da casa do número 28 do Campo da Barreira, na que consta como "área de cesión 0,00" mentres que o vial que aparece no plano e que recolle o patio figura como espazo público.





4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O PEPCH non establece un marco para a futura autorización de proxectos máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito de actuación. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O PEPCH intervén e ordena urbanisticamente unha área totalmente antropizada e en boa medida xa transformada como é o conxunto histórico da vila de Allariz (solo urbano no PXOM), polo que no relativo á ocupación do recurso solo os efectos ambientais non serán significativos.

Na medida en que entre os obxectivos do plan especial se contempla a recuperación e posta en valor de espazos urbanos degradados e do patrimonio construído para mellorar a imaxe do conxunto histórico da vila de Allariz, é de esperar que teña unha incidencia positiva na paisaxe.

Sendo un dos obxectos principais do PEPCH recuperar o patrimonio edificado e garantir a total protección dos valores arqueolóxicos existentes no ámbito de actuación, sendo previsible polo tanto que os efectos que vaia producir o plan sobre o patrimonio cultural teñan un carácter positivo. En todo caso deberán atenderse as medidas protectoras e correctoras sinaladas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe.

O borrador contempla incorporar no plan actuacións coas que valorizar atractivos naturais como o río ou o Castelo e propoñer un modelo de ordenación que respecte a base produtiva dos terreos agrarios situados ao norte do ámbito, polo que non se prevén efectos ambientais adversos significativos sobre o patrimonio natural.

Dentro do ámbito do PEPCH hai zonas afectadas polo risco de inundación do río Arnoia. A ordenación formulada no borrador prevé obter dous novos equipamentos (dotación múltiple no Campo dos Brancos e Museo do río Arnoia en Acearrica) que se sitúan, total ou parcialmente, na zona de fluxo preferente (ZFP). Cómpre lembrar que nas zonas inundables deberase dar cumprimento ás limitacións aos usos que establecen o Regulamento do dominio público hidráulico e mais o Plan hidrolóxico vixente na demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

O propio borrador⁴ e algúns comentarios recibidos no trámite de consultas previas constatan que as redes de abastecemento e saneamento non cobren a totalidade dos rueiros interiores e algúns tramos necesitan actuacións de reforzo. O borrador prevé levar a cabo actuacións para corrixir na medida do posible estas carencias.

O plan prevé manter a mobilidade motorizada afastada do casco histórico e adoptar medidas para fomentar a mobilidade alternativa (non motorizada), o cal terá unha incidencia positiva na mobilidade dentro do conxunto histórico e na súa contorna próxima.

Como conclusión do exposto, o PEPCH non terá efectos ambientais adversos significativos pero cómpre establecer algunhas condicións que se concretan a continuación.

4 Apartado 5.2.4 *Orde de prioridades* da Memoria xustificativa e nos apartados 11.2 *Abastecemento de Auga* e 11.3 *Saneamento* da Memoria informativa





PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propónse non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de protección do casco histórico de Allariz”. Porén, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do Plan considérase preciso establecer as seguintes condicións ou **determinacións**:

- En consonancia co indicado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio no seu informe, o Plan especial debe definir graficamente o trazado previsto para as novas infraestruturas de servizos urbanos ou, de ser o caso, completar as existentes, así como as súas conexións cos sistemas xerais exteriores ao ámbito de actuación.
- Atenderase no Plan ás medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe:
 - Delimitarase o Camiño de Santiago, Vía da Prata, de acordo ao estipulado no Pla básico autonómico (trazado e territorio histórico).
 - Elaborarase o Catálogo dos bens do patrimonio cultural existentes dentro do ámbito do PEPCH de acordo co artigo 56.b) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG). As fichas conterán a información esixida pola normativa vixente.
 - Distinguirase entre a delimitación do conxunto histórico de Allariz (BIC) e a delimitación do ámbito do PEPCH, que constitúe o contorno de protección do BIC. Delimitaranse contornos de protección específicos para os bens do patrimonio cultural situados no límite do plan especial e que así o precisen.
 - O instrumento a desenvolver para o conxunto histórico de Allariz será un Plan especial de protección, tal e como se recolle nos artigos 71 da LSG e 55.1 da LPCG.
- O ámbito do Plan especial está afectado parcialmente pola zona inundable e a zona de fluxo preferente do río Arnoia. Tal e como sinalou a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, darase cumprimento no Plan ás limitacións aos usos nestas zonas que establecen o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (artigo 9bis ou 9ter en función da situación básica do solo, e artigos 14 e 14bis) e mais o Plan hidrolóxico do Miño-Sil (artigos 45 e 46 da súa normativa).

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

(asinado con sinatura electrónica)

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

(asinado con sinatura electrónica)





Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica o “Plan especial de protección do casco histórico de Allariz”, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>) e remitirase ao Concello de Allariz xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o Plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

(*asinado electronicamente*)

